



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO
C/. Manuel Olivie, 23 **36203 VIGO** – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: <http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo>

DEPARTAMENTO DE GUITARRA

ESPECIALIDADE GUITARRA

MATERIA: EVOLUCIÓN ESTILÍSTICA DO REPERTORIO GUITARRÍSTICO

CURSO 1º

INTRODUCCIÓN:

O repertorio guitarrístico é na actualidade moi amplo, abarcando todos os estilos desde o renacemento ata os estilos actuais máis vangardistas.

A estrutura dos programas habituais de estudo dos conservatorios no grado medio e superior, tratan de abarcar un espectro amplo e variado dos diferentes estilos existentes no repertorio de guitarra clásica, pero pola natureza práctica destes programas, non se abarca de forma suficiente o estudo en profundidade do repertorio existente en cada unha das épocas e estilos nin a análise das súas características.

O desenvolvemento desta materia aportará aos alumnos un maior coñecemento do repertorio existente para guitarra nos principais estilos da súa evolución e, a través da análise das características principais poderán coñecer con máis profundidade cada un destes estilos, mellorando a súa capacidade para interpretalos, o que tamén permitirá comprender mellor o repertorio e as técnicas actuais.

OBXECTIVOS:

- Coñecer os diferentes estilos do repertorio da guitarra e instrumentos afines e a súa evolución ao longo da historia.
- Coñecer as principais diferenzas de interpretación de cada un dos diferentes estilos do repertorio guitarrístico.
- Coñecer os diferentes autores de repertorio para guitarra nas distintas fases do desenvolvemento deste instrumento.
- Coñecer as obras principais dos autores máis destacados en cada un dos diferentes estilos.
- Desenvolver a capacidade de investigación documental.



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO
C/. Manuel Olivie, 23 **36203 VIGO** – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: <http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo>

DEPARTAMENTO DE GUITARRA

ESPECIALIDADE GUITARRA

MATERIA: EVOLUCIÓN ESTILÍSTICA DO REPERTORIO GUITARRÍSTICO

CONTIDOS:

Os contidos para o primeiro curso desta materia son os seguintes:

- Estudo do repertorio existente para guitarra e instrumentos afines no Renacemento e Barroco.
- Estudo dos trazos biográficos máis importantes dos principais autores renacentistas de cada país (España, Italia, Francia, Inglaterra, Alemania, etc...)
- Audición das obras máis significativas que constitúen o repertorio dos autores renacentistas traballados e análises das súas características principais.
- Estudo dos trazos biográficos máis importantes dos principais autores barrocos de cada país (España, Italia, Francia, Inglaterra, Alemania, etc...)
- Audición das obras máis significativas que constitúen o repertorio dos autores barrocos traballados e análises das súas características principais.
- Repercusións do repertorio da guitarra e instrumentos afines do renacemento e do barroco no repertorio da guitarra actual e as súas posibles aplicacións.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Valorarase a realización das probas propostas periódicamente polo profesor. As probas propostas poderán ser tipo test, comentario de texto, ou desenvolvemento escrito dos temas traballados no aula.
- Valorarase a calidade das tarefas de documentación solicitadas periódicamente polo profesor durante o desenvolvemento do aula.
- Valorarase o interese do alumno pola materia e polos distintos temas propostos.



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO
C/. Manuel Olivie, 23 **36203 VIGO** – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: <http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo>

DEPARTAMENTO DE GUITARRA

ESPECIALIDADE GUITARRA

MATERIA: EVOLUCIÓN ESTILÍSTICA DO REPERTORIO GUITARRÍSTICO

CURSO 2º

INTRODUCCIÓN:

O repertorio guitarrístico é na actualidade moi amplo, abarcando todos os estilos desde o renacemento ata os estilos actuais máis vangardistas.

A estrutura dos programas habituais de estudo dos conservatorios no grado medio e superior, tratan de abarcar un espectro amplo e variado dos diferentes estilos existentes no repertorio de guitarra clásica, pero pola natureza práctica destes programas, non se abarca de forma suficiente o estudo en profundidade do repertorio existente en cada unha das épocas e estilos nin a análise das súas características.

O desenvolvemento desta materia aportará aos alumnos un maior coñecemento do repertorio existente para guitarra nos principais estilos da súa evolución e, a través da análise das características principais poderán coñecer cada un destes estilos con máis profundidade, mellorando a súa capacidade para interpretalos, o que tamén permitirá comprender mellor o repertorio e as técnicas actuais.

OBXECTIVOS:

- Coñecer os diferentes estilos do repertorio da guitarra e instrumentos afines e a súa evolución ao longo da historia.
- Coñecer as principais diferenzas de interpretación de cada un dos diferentes estilos do repertorio guitarrístico.
- Coñecer os diferentes autores de repertorio para guitarra nas distintas fases do desenvolvemento deste instrumento.
- Coñecer as obras principais dos autores máis destacados en cada un dos diferentes estilos.
- Desenvolver a capacidade de investigación documental.



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO
C/. Manuel Olivie, 23 **36203 VIGO** – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: <http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo>

DEPARTAMENTO DE GUITARRA

ESPECIALIDADE GUITARRA

MATERIA: EVOLUCIÓN ESTILÍSTICA DO REPERTORIO GUITARRÍSTICO

CONTIDOS:

Os contidos para o segundo curso desta materia son os seguintes:

- Estudo do repertorio existente para guitarra e instrumentos afines desde a época preclásica ata a época actual.
- Estudo dos trazos biográficos máis importantes dos principais autores desde o período preclásico ata o S. XX (España, Italia, Francia, Inglaterra, Alemania, etc...)
- Audición das obras máis significativas que constitúen o repertorio dos principais autores traballados e análises das súas características principais.
- Importancia do repertorio da guitarra do S. XIX no repertorio da guitarra actual.
- O repertorio actual: Autores e tendencias

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Valorarase a realización das probas propostas periódicamente polo profesor. As probas propostas poderán ser tipo test, comentario de texto, ou desenvolvemento escrito dos temas traballados no aula.
- Valorarase a calidade das tarefas de documentación solicitadas periódicamente polo profesor durante o desenvolvemento do aula.
- Valorarase o interese do alumno pola materia e polos distintos temas propostos.